



INSTRUCCIÓN Nº: 8 /2015	DATA: 10 de setembro de 2015
ÓRGANO EMISOR: DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO E FORMACIÓN	
ASUNTO: INSTRUCCIÓN COMPLEMENTARIAS PARA O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO, AO ABEIRO DA ORDE DO DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DO 1 DE ABRIL DE 2015	

A Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 1 de abril de 2015 establece as bases que rexen a convocatoria para o exercicio 2015 das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, para a contratación temporal de persoas beneficiarias do Programa de activación para o emprego.

Esta disposición, no seu artigo 12, establece os requisitos e criterios para a selección dos traballadores e traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención que deberán ser, en todo caso, persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego e beneficiarias do Programa de Activación para o Emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no do inicio da relación laboral.

A inexistencia de persoas beneficiarias do Programa de activación para o emprego que se adapten aos perfís solicitados polas entidades participantes neste programa e concedidos por resolución desta dirección xeral, aínda flexibilizando ao máximo os criterios de selección está a producir a imposibilidade de contratación nun número importante de expedientes.

Como queira que a orde establece que, en todo caso, as persoas que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego, tendo en conta a situación actual do desemprego, as altas cifras de paro que afecta, entre outros colectivos especialmente aos desempregados de longa duración, aos menores de 30 anos, en especial, demandantes de primeiro emprego ou sen cualificación profesional e as mulleres, semella oportuno a adopción de medidas tendentes a optimizar a utilización dos recursos públicos, neste caso os fondos destinados á promoción do emprego das persoas desempregadas, co obxecto de senón solucionar, polo menos a reducir o seu número e mesmo a paliar os efectos negativos desta situación.

É por isto que, procede facer uso da habilitación especial da disposición adicional terceira que establece que por resolución da persoa responsable da Dirección Xeral de Emprego e Formación poderanse establecer os criterios necesarios para que, a través desta orde, en canto aos colectivos prioritarios, se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo coas directrices de emprego e as que poidan emanar do Diálogo Social e Institucional en Galicia e a demais normativa e acordos que, se é o caso, resulten de aplicación.

Coa finalidade de achegar a xestión dos programas de Cooperación ao cumprimento dos obxectivos expostos e de mellorar a empregabilidade dos demandantes de emprego a través de contratos de traballo que lles faciliten unha práctica profesional adecuada para a súa inserción ou



reinserción laboral, consultada la comisión de seguimento del Dialogo Social en Galicia, e no uso das facultades atribuídas nas disposición derradeira primeira da antedita orde dítase a seguinte

INSTRUCCIÓN:

Primeira.

No marco da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 1 de abril de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, para a contratación temporal de persoas beneficiarias do Programa de activación para o emprego, e se procede á convocatoria para o ano 2015, debido a inexistencia de beneficiarios do programa de activación para o emprego con perfís adecuados aos solicitados polas entidades beneficiarias e concedidos, establécense os seguintes criterios de flexibilidade:

1. Admitirase a contratación de persoas desempregadas remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia que sexan beneficiarias do Programa de activación para o emprego no momento da selección aínda que na data de inicio do contrato non o sexan.
2. Unha vez tramitada pola correspondente oficina pública do SPEG a oferta de emprego presentada pola entidade beneficiaria e aplicados os procedementos de flexibilización (cambio de CNO e/ou grupo de cotización xa autorizados pola Dirección Xeral de Emprego e Formación sen atopar candidatos axeitados, imposibilidade de solicitar cambio de CNO por inexistencia de candidatos en outro/s CNO, etc) establecidos para este tipo de ofertas pola dirección xeral de Emprego e Formación, sen que se atopen candidatos axeitados para a prestación dos servizos subvencionados, a propia oficina de emprego poderá modificar, de oficio, para a selección, la oferta tipo W correspondente, eliminando el tipo de prestación 09 en la pestaña Datos de Xestión/Datos inscrición e desemprego, e poderán contratarse persoas desempregadas facilitadas pola oficina de emprego que non sexan beneficiarias da axuda do Programa de Activación para o emprego.
3. Para aqueles casos nos que xa se autorizase pola Dirección Xeral de Emprego e Formación un cambio de CNO e un grupo de cotización inferior ao orixinariamente concedido, a nova busca de candidatos farase polo novo CNO autorizado xa que o contrato só poderá formalizarse para o novo grupo de cotización.
No caso en que a autorización dun novo CNO non implicara un novo grupo de cotización, a nova busca de candidatos farase polo CNO orixinariamente concedido e subsidiariamente polo posteriormente autorizado.

Segunda.

Cando se produzan as situacións previstas nos dous primeiros parágrafos da instrución primeira (nas cales o traballador contratado non é beneficiario do Programa de activación para o emprego na data de inicio da relación laboral), exceptúase a aplicación das regras previstas na Circular 5/2015, do 31 de xullo, pola que se ditan Instrucións relativas ás subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, para a contratación temporal de persoas beneficiarias do Programa de activación para o emprego, no relativo á selección, contratación e substitución de persoas desempregadas contratadas respecto ao requisito de ser beneficiario do Programa de activación para o emprego.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Dirección Xeral de Emprego e Formación



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

Terceira.

Para a xustificación e pagamento da axuda, a entidade beneficiaria, deberá presentar a documentación esixida polo artigo 14º da orde de convocatoria.

Cando se produzan as situacións previstas nos dous primeiros parágrafos da instrución primeira (nas cales o traballador contratado non é beneficiario do Programa de activación para o emprego na data de inicio da relación laboral), e respecto á documentación esixida para o pagamento, establécese o seguinte:

- Non será necesaria a presentación do documento acreditativo da axuda económica de acompañamento do Programa de activación para o emprego sinalado no artigo 14º.2.c) da orde de convocatoria.
- O certificado de selección (artigo 14º.2.d) e o documento de información ao traballador da subvención polo Fondo Social Europeo (artigo 14º.2.g) deberán realizarse segundo os respectivos modelos que se xuntan como anexos á presente Instrución e se publican na web institucional da Xunta de Galicia no enlace <http://traballo.xunta.es/programas-de-cooperacion>.

Cuarta.

Amplíase o prazo establecido nas resolucións de concesións como data límite de inicio do servizo e realización de todas as contratacións, así como a data límite para a presentación da documentación xustificativa para o pagamento, nos seguintes termos:

- A data **límite** de inicio do servizo e realización de **todas as contratacións** será o día **3/11/2015**.
- A data **límite** para a presentación da **documentación xustificativa para o pagamento** será o día **16/11/2015**.

Quinta.


O contido das presentes instrucións publicarase na Intranet do Servizo Público de Emprego de Galicia, comunicarase ás entidades beneficiarias das axudas previstas na precitada orde mediante correo electrónico e publicarase na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar, no Portal de emprego, no enlace <http://traballo.xunta.es/programas-de-cooperacion>.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015

Directora Xeral de Emprego e Formación



Ana María Díaz López



CERTIFICADO DA SELECCIÓN

Nº EXPEDIENTE TR352D 2015/.....

D/Dna.:, **DNI:**..... en calidade de **SECRETARIO/-A**
 da entidade:, co CIF:.....,

CERTIFICA

Que presentou unha oferta de emprego de acordo cos criterios establecidos polo artigo 12 da Orde do 1 de abril de 2015 e pola Instrución 8/2015, do 10 de setembro, pola que se ditan instrucións complementarias para o procedemento de selección das persoas beneficiarias do Programa de activación para o emprego, co obxecto de cubrir o posto de traballo que se subvenciona para a realización do servizo denominado.....

Que a relación de demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, remitidos pola oficina de emprego mediante oferta xenérica de emprego Nº 2015/:..... foron:

APELIDOS E NOME

Que, tendo en conta as funcións que deberá prestar a persoa que se vai contratar, acordou seleccionar a:

APELIDOS E NOME	BENEFICIARIO DO PROGRAMA DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO NO MOMENTO DA SELECCIÓN	
	SI	NON

En,.....a.....de.....de

O Secretario da entidade	Vº e prace O presidente/a da entidade
--------------------------	--



DOCUMENTO DE INFORMACIÓN AO TRABALLADOR DA SUBVENCIÓN
POLO FONDO SOCIAL EUROPEO

ENTIDADE:.....

Nº DE EXPEDIENTE: TR352D 2015/.....

D./Dna.(traballador/a).....,
 infórmolle que a contratación temporal formalizada con vostede o día.....,
 foi subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar, mediante resolución de
 data....., pudiendo estar cofinanciada esta subvención polo Fondo Social
 Europeo nun 80%, de conformidade co Programa Operativo Adaptabilidade e Emprego PO 2007
 ES 05U PO 001.

O que se lle comunica para os efectos de cumprir coas medidas de información e publicidade
 establecidas no Regulamento (CE) nº. 1828/2006, da Comisión.

O traballador/a citado/a manifesta, no momento da contratación, estar **desempregado e
 inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego**, nos termos
 establecidos polo artigo 12 punto 1 da Orde de 1 de abril de 2015 (DOG nº 70, do 15 de abril) e
 pola Instrución 8/2015, do 10 de setembro, pola que se ditan instrucións complementarias para
 o procedemento de selección das persoas beneficiarias do Programa de activación para o
 emprego.

Ademais, o traballador/a citado/a manifesta, **na data de inicio da relación laboral:**

- ser beneficiario/a do Programa de activación para o emprego
- non ser beneficiario/a do Programa de activación para o emprego

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no expediente citado, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar. San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.

En....., a de de

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

O TRABALLADOR/A

Asdo:.....

Asdo:.....